

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

- 1182** *Corrección de erros da Lei 7/2012, do 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude.*

Advertidos erros na Lei 7/2012, do 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega ao número 261, do 30 de outubro de 2012, cómpre efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 4, penúltima e antepenúltima liñas, onde di: «En primeiro lugar, establécense dous novos supostos de inversión do suxeito pasivo nos citados casos de entregas de inmobles.», debe dicir: «En primeiro lugar, establécense tres novos supostos de inversión do suxeito pasivo, entre outros, nos citados casos de entregas de bens inmobles.».

Na páxina 17, artigo 3.un, segunda liña do décimo primeiro parágrafo, onde di: «... libro rexistro de vendas ou ingresos previsto no artigo 67.7 do Regulamento...», debe dicir: «... libro rexistro de vendas ou ingresos previsto no artigo 68.7 do Regulamento...».

Na páxina 20, no artigo 5.dous, letra c'), na última liña dese parágrafo, onde di: «... da Lei do mercado de valores.», debe dicir: «... da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.».